

EXERCICIOS DE AMPLIACIÓN E REFORZO DE BACHARELATO.

1.- Indica o timbre da vogal tónica:

Outros, fereza, entón, choroso, tenro, valón, pomos, todo, ordenei, cerralleiro, toneis, pos, mesmo, ninguén, morden, nosos, pordes, eme, sorteo, pouco, sétimo, fervello, serve, ciencia, desmentes, dereito, ceta, motel, perdoe, fibela, onde, enredo, xouba, cose (el),cazola, xe, farois, cose (ti), sexan, pelouro, froita, atoas, traizón, abrochan, freo, quero, eras, miudeza, é, couberdes, atmosfera, meu, menos, certas, nosoutros, noveno, fea, bolsa, dedo, calquera, sé, forno, cen, nós, loito, verde, ollomol, mentres, nos, el, abella, viñeches, mentes, aqueles, crego, fumador.

2.- Acentúa as palabras cando cumbran e xustifica.

Confraria, herpes, cainzo, adan, aca, aliaxe, europeismo, mister, esquimo, antitese, mitin, cacatua, seu, simil, umerio, guia, gandara, ancora, lamia, fiel, brocoli, nausea, inda,

bebedo, etiope, heroe, patina, ladaiña, taboa, tirizo, estio, beirarrua, medium, dioivo, omnibus, acaro, solfexo, latex, bevera, ferrobús, clan, album, beisbol, hiena, nenúfar, muiña, hastil, oxiuro, ien, fotolito, oscar, telex, ricino, xuíz, horreo, graza, esmola, saleiro, cirurxico, neon, husar, water, mesías, fenix, gladiolo, díaño, arbore, bisavo, oboe, caída, libido, friura, reuma, vehicular, inchar, mudexar, oleo, poker, pio, champu, xerez, alcazar, acea, época, cancer, domino, heroísmo, recluír, laser, novel, ambar, suevo, tinguir, alias, nectar, cespede, chale, helice, cístico, erroneo, cempes, xudeu, xenuino, rail, oasis, gráfica, chasis, noies, verniz, latin, portland, baía, cobrega, chavella.

3.- Acentúa as palabras i e u cando cumpran.

Suíza, odioso, ferraría, saúdo, maino, infiel, xudaísmo, intuír, fastio, xuízo, sueco, labio, seguinte, especieiro, graúdo, altruísmo, ruína, constituír, feitos, rabia, feúdo, faísca, valía, laude, derruír, terapéutico, raíz, miopía, peite, miúdo, xoía, acacia, estadia, velai, trueiro, sepia, ataude, colexial, chío, sieiro, ría, bruído, arcaísmo, raía, período, copia, ruíns, hixiénico,

siux, mestria, endivia, eguada, mediano,
oriundo, marusia, beduino, sandia, remuiño,
xeniudo, paraíso, teoría, náutico, trola,
atribuíbel, acuífero, triunfo, codeína, xersei,
ribeiro, biólogo, mesquiño, baul, hiatos, laio,
ímpios, heroico, viuva, erradio, resio, ateísmo.

4.- Pon o artigo que lle corresponda a cada
substantivo.

Lavalouza, samba, vantaxe, lume, alma,
chofer, flegma, afán, hipérbole, cometa, pez,
xesuíta, arte, reuma, xerez, plasma, legume,
be, riso, drama, prótese, ring, mención, enigma,
res, verniz, confort, peaxe, raíz, dobrez, couce,
leite, berce, plumaxe, dínamo, valse, ele, atlas,
ananás, cosmos, fénix, colite, chapeu, cáliz,
puma, auga, garaxe, énfase, moto, alalá,
certame, panamá, paréntese, arame, foz, xiz,
tirafondas, área, matapiollos, champaña.

5.- Escribe o masculino ou feminino segundo conveña.

Afgán, caimán, parvallán, pagán, paisana, plana, alazán, concidadán, metropolitana, suburbana, inhumana, nugallán, escribán, alacrán, marciana, malsá, puritana, cotián, capitán, coimbrán, mundana, melómana, brutana, gabián, mentirán, sancristán, vexetariana, oufana, vaticana, ruán, temperán, van, mexicana, indiana, papana, ullán, camariñán, artesán, cacholana, mohicana, orellana, porcallán, livián, temporán, anana, siciliana, hispana, comarcán, chan, rufián, curmá, truá, profana, pailán, faisán, fisterrán, anglicana, toscana, tirana.

6.- Pon en plural.

Arroaz, bucal, réquiem, rañas, fol, pub, desdén, dandi, nasal, penalti, decimal, ien, i, chuchamel, fel, mecenas, cascabel, antigás, raíz, vermú, round, corcel, parasol, sexy, cempés, grácil, cosmos, poxa, símil, control, zoom, vivaz, chal, cortés, sobresó, balón, rubí, menhir, atlas, tirizó, sen, ronsel, relax, robot, carril, motín, iceberg, fluidez, esquí, caracol,

milhomes, edil, porcallán, sandez, chapeu,
rímel, manual, aries, chan, foz, bambán, wáter,
verinés, estéril, revés, búmerang, col, belén,
xentil, competidor, herpes, póster, fan,
sándwich, nazi, grou, dúplex, xel, porlón, luz,
truel, lúa, campión, videoclip, morea, inútil,
escarpín, ce, aleluia, alfil, álbum, frei, nó,
salvavidas, adival, ril, furacán, lanzachamas,
casual.

7.- Forma frases comparativas enchendo os
espazos baleiros coas conxuncións, de haber
varias ulilízaas.

Prefiro mellor pasear no outono.....no
inverno.

Ten tanta cordura.....vós.

O coche fozaba tanto na
eira.....chapuzaba no cortello.

Aceptou con máis rapidez ir ao
Brasil.....Illas Canarias.

Na foto da sala asemellábase menos ao
pai.....nai.

Deica Lugo hai máis
quilómetros.....Guitiriz.

O seu aglaio era máis claro.....voso.

As laranxeiras soportan peor a
xeada.....fortes ballóns de novembro.

Os trobadores non eran tan
coñecidos.....os libros de literatura din.

Afrontar situación perigosas vale
máis.....esgotar os teus propios recursos.

A súa firmeza era maior.....demostraba.

Enxalzaba máis aos alumnos
mediocres.....alumnas avantaxadas.

Floreceiron antes os caraveis.....rosas.

O can trabouno con máis
violencia.....cadela.

Reveláronlles menos segredos.....espías
ingleses.

Pola Coresma xaxuaba menos.....debía.

Parece mentira, pero bocexa tanto.....ti.

O carpinteiro lixou menos as
portas.....fiestas.

No soño quería ir mellor ao país dos
ananos.....dos xigantes.

San Benitiño é máis milagreiro..... outros
santos.

Para lle botarmos as cartas, viña antes á
miña casa.....da vidente.

Recoñeceu que era peor darlo a
min.....ela.

Na cociña occidental prepárase máis o
xamón asado.....cuscús.

Tenta de explicarllelo primeiro aos teus
parentes.....de fóra.

O seu compadre tiña con el unha débeda
moral menor.....afamada xuíza.

A súa misión diante do monarca fora
maior.....lle dixeran.

Fago mellor o mollo para a
pescada.....amado para as filloas.

Non sei o porqué, pero inspiras menos
respecto á delicada condesa.....intrépido
pirata.

Á fin acadou tantos insectos.....eles
degoxaron un día.

Deulle máis firmeza ao fío de
cobre.....prancha de cinc.

8.- Introduce o pronome no lugar que lle
corresponde e xustifica tal colocación.

Moi mal puíron os mobles nese
restaurador. (che)

Dentro recolleron todas as pezas que
sobraron.(me)

Aquí esmoreceu a moza de pena. (lles)

Aquí traio e non protestes máis. (cho),(me)

Pouco a pouco vai saíndo a barba. (lles)

Bastante avisaron e non quixo facer o máis
mínimo caso. (o)

Quizais acolla na súa casa sen problema.
(nos)

Agora descorro as cortinas, que entre por
fin a luz. (vos)

Agora distrae coas súas garatuxas e
despois mete o dente. (vos),(vos)

Cada cullerada sabe ao mel. (lle)

Tarde dixeches para impedir. (mo),(llo)

Igual teñol que contar de novo esa historia.(lle)

Todos os anos felicitan polo aniversario e traen un regalo. (me),(me)

Seguramente traerán o que pediches.(che),(lles)

Antaño interrompera o programa das actividades lúdicas. (nos)

Algún revendería onte na feira do gando.(lle)

Algún día contarás todo iso que pasou pola cabeza. (me),(che)

Tantos xogos son bos para divertir cos amigos. (che),(te)

Tantos libros comprei que non tes sitio onde colocar. (che),(os)

Así Deus dea a salvación que non vin diante en todo o día. (me),(a)

Ao redor vai toda unha ringleira en azul. (lles)

Meigas negras acompañen! (te)

Razón importantes levaron a actuar dese xeito. (o)

Quen viu onte pola tarde? (as)

Ninguén avisou e por iso non puiden localizar. (me),(os)

9.- Comeza a frase que segue cos seguintes adverbios, de haber varias posibilidades indícaaas.

Axiña, alí, seica, entón, xa, onte anteriormente, de súpeto, varias veces, endexamais.

“Puxémonos en marcha por un camiño fresco que cheiraba a cereixas”

10.- Introduce lle ou lles nos espazos en branco.

Se queres saber, mociño, o namorar como é, chisca.....o ollo dereito, písa.....a punta do pé.

Alá no medio do mar teño unha herba
de olor, ha.....de custar a vida a aquel
que.....quite a flor.

Meu Señor San Hadrián é un santo moi
milagreiro; pedin.....un home bonito, doume
un cara de carneiro.

Pola túa porta pasa un regueiro de
auga fría para.....dar de beber aos amores
dalgún día.

Namorado rapaciño que vives fóra da
aldea, olla que hai moitos paxaros
que.....gustan as cereixas.

Agora xa non se estila pedir.....a filla a
seu pai senón entrar pola porta : meu sogro,
como.....vai?

Miña Virxe da Peneda está peiteando o
cabalo cunhas herbiñas do monte
que.....chaman tormentelo.

Se queres que o carro cante
bóta.....eixo de freixo, se queres ter un bo
mozo dá.....talladas de queixo.

Teñen as costureiriñas, teñen o que
ben sei eu, teñen as costureiriñas, teñen o que
Deus.....deu.

O mar tamén ten amores, o mar tamén
ten muller, está casado coa area, dá.....bicos
cando quer.

Teño de ir a Vendilló por un ramiño de
toxos, para.....dar aos enoxados que
se.....pase o enoxo.

Os panadeiros tocan ben, as ferreñas
fan.....o son, as raparigas que o tocan son de
tan-tan e ton-ton.

11.- Indica nas frases que seguen os
valores de SE, tendo en conta que non sempre
é un pronome.

Eu mirei alí erguerse facendas e
cidades cheas de ouro e prata.

Mira se podes vir hoxe co informe
concluído.

Sorprendeuse de que Xulia non se
queixase por todo o que lle tiña feito.

Se te queres ir xa sabes onde tes a porta.

Imaxinaba miles de rostros intercambiándose miradas de sospeitas e sentiuse un turista máis.

Apalpouse o peito por ver se tiña algunha ferida traidora.

Nada máis erguerse da cama, non facía outra cousa que mirarse no espello e peitearse seguido.

Ocorréuselle unha boa idea sobre a marcha e púxoala en práctica.

Despois de tantos anos, víronse na biblioteca e axiña se abrazaron.

Na conferencia desta tarde trátase das ideas aportadas polo sindicato para a reforma do mercado laboral.

Mollou primeiro o pelo e o peito para logo enxaboarse.

Xabier atópase débil como se tivise quentura.

Pensou se tiña que pasar máis amodo pola corda para non caer.

Aceptáronse novas acción no mercado de bolsa de Tokio.

E os pais, veña, a inmiscirse seguido nos problemas da parella.

Pobre muller, atragouse cunha espiña e a piques estivo de morrer.

Removeuse ceo e terra para atopar o documento e nin con esas apareceu.

Non se cumpriu a sentenza aínda que a autoridade xudicial xa ditara a orde.

Era noite pecha cando se lles achegaron dous raposos rabilongos.

Non facían máis que cuspirse e por iso a profesora botounos da clase.

12.- Sinala nas seguintes frases as formas demostrativas con valor especial, di o valor e aporta un significado sinónimo.

Claro, iso si, as mámoas están a carón da casa de meu avó.

Chamou Xoán, daquela virá ao cine pola noite.

Eu, daquela, non me carteaba con túa irmá.

Houbo sempre paz nesa familia ata que xurdiu o aquel do herdo.

Gustaríame aquelar mellor a casa, pero os cartos que gaño non dan para máis.

Non cho repito outra vez, se o volves facer, xúroche por estas que non baixas cos patíns.

Despois do accidente quedoulle unha aquela de mirar sempre para a dereita.

Éralle moi bo estudante e meu rapaz, pero o aquel da selectividade estragoulle o curso completo.

Nisto sae o manco da casa e bótase a correr como un tolo.

Non está claro que o viño prexudique a saúde, isto é, un vaso ás comidas ata é bo.

E vesme agora con esas a estas alturas de curso, iso tiñas que dicirmo hai moito tempo.

Co aquel do día das Letras Galegas poderíamos celebrar a conferencia sobre a Galicia do século XIX.

Era afinador de pianos, un oído finísimo e unha aquela nas mans que daba gloria.

Ese Xurxo non fai máis que berrar, calquera día deixo de falarlle.

Notou unha sensación desacougante que o facía tremer e daquela non tivo máis remedio que botar man da beberaxe que lle preparara a meiga.

13.- Indica os valores especiais do posesivo.

Aí está o canizo que lle amañou o meu Xaquín o ano pasado.

É moi de teu deixar as cousas ciscadas polo chan e logo son eu o que teño que recollelas.

Xuntou os seus trecentos euros para os regalos de Nadal.

Veña, mi señor, e mire para aló, achéganse uns cincocentos polo menos.

Ponte diante miña, que así non me verá.

Xa estou farto, ti xa falaches o teu, así pois cala a boca.

Hoxe os meus marchan para Vigo, mañá eu collerei o tren.

Eh, meu! Como che vai a vida?

Para xa, que xa bebiches o teu, non teño ganas de levarte á casa.

Todas as tardes veñen os rapaces do instituto xogar con cadanseu monopatín.

O pobre xa padeceu as súas, está ben que agora se divirta.

Non te descoides, que á mínima arma unha das súas e estrágao todo.

Éche un pouco atolado, pero acouga que co tempo ha volver ao seu.

Nos vos aturo máis, sempre coas vosas mexericadas, non parades nunca.

Finalmente imos pasar o verán a ese chalé de noso que temos en Praia América.

Anda, miña xoia, vai á tenda polo pan.

Non creas que non sentín as miñas dores antes de curar definitivamente.

Podemos contarlle unha vez máis as nosas historias e así non faremos os exercicios.

Recomezou a vida a carón súa.

Os gnomos do bosque da Anta gorencéronse con cadansúas follas.

14.- Conxuga sempre que poidas os infinitivos. Xustifica cada caso.

Para calcular a forza da descarga eléctrica, debes utilizar este dispositivo.

Coller a porta e marchar axiña, que de vir teus pais acabarán por rifarvos.

Esta noite decidiu revelar el mesmo as fotos e pedir nove lámpadas vermellas ao almacén.

Para escribir unha nova carta, fai falta que nos ditedes punto por punto as frases que necesitates poner.

Sen agardar ti a que volva de Cuba non deberías pedir a súa partida de nacemento.

Non vos é posíbel saber quen telefonou para pedir a cita co oculista.

Preguntounos que facer no caso de saír os rapaces antes da clase de solfexo.

Para botarse a facer o parvo estes lampantíns, sería mellor avisar nós aos pallasos.

Cómpre dicir que son uns obxectores de mirar e non tocar.

Polo voso camiñar éelles fácil coñecervos.

De volver a ocorrer novas desgrazas, chámanos sen preocupación e sen reparar na hora que é.

Vimos chegar os veciños ás cinco da mañá e démoslles axiña o aviso para quedar tranquilos.

O que é saber, saber, ti non sabes nada do que se comenta na oficina.

Calar os do cuartel e saír ti chorando, foi cuestión de minutos.

Ao vir os teus irmáns, ponte a fritir
todos os ovos da neveira.

Aflixirnos pola morte da cadela foi para
nós a causa dunha nova depresión.

Premiar unha película española no
Festival de Cannes debería ser un revulsivo
para o cine nacional.

Con disolver as manifestacións contra
a fraude electoral non van lograr que as
autoridades internacionais deixen de apoiar as
protestas.

Miraba as lapas a extinguirse na
lumarada e comparaba aquel lume coa súa
existencia que lle semellaba curta e fácil de
apagar por momentos.

Díxovos o soldado: convén tirar das
camas todos cantos colchóns haxa na casa e
poñelos nas fiestras para evitar o fogo inimigo.

15.- Subliña as perífrases verbais e
analízaas. Distíngueas dos complexos verbais.

Estaba para espertalo porque quería falarlle dun asunto no que cismaba todo o día e á fin acabou por ser un problema.

Olloume sorprendido cando lle expliquei que tiñamos que manobrar e, por contra, foise achegando; conste que digo a verdade, que non estou a mentir.

Non puidemos ir ao enterro e tivémola que chamar por teléfono; dixémoslle que volveríamos vela o domingo, que ha ir pasando o tempo, que acougue, que todo se amañará.

As sardiñas comezan a estar para tomalas, pero ela non quería saber nada e pensaba como hei de poder facer que se coma todo o prato sen protestar.

O lobo seguía a ouvear no monte e mentres, no val, os pegureiros ían agrupando as ovellas para metelas dentro; non debían facer moito ruído se querían rematar a faena sen chamar a atención.

Non se decataba de que o rapaz tiña pousados os apuntamentos nas pernas e estaba a copiar, mais de súpeto, mirouno e el veu vindo encarnado.

Queríamos falar con Ana porque ela debe saber se mañá volve saír ás cinco.

Andades chamando polo gato e el bótase a correr cando vos ve, non lle gusta oír nenos pola casa que acaban por collelo e sobalo.

Mandáronnos verter o líquido na botella e levarlla aos catro xogadores que pediran de beber, así que fomos andando devagar cara a eles e cando estabamos para encherlles o vaso, deixamos a botella e volvemos correndo ao mostrador.

Deixaron de comprar o xornal ao comezaren a perder liquidez na conta bancaria, que por aquel tempo podía estar xa en números vermellos.

Parece que tes estudada a lección de Historia que debías preparar para o exame do martes.

Notou que os negociadores acababan de romper a xuntanza e ían saíndo do Ministerio mudadas as caras coas que había pouco entraran.

16.- Indica o tempo das formas verbais destacadas.

Quen **puidera** mercar todos eses cómics!

Afonso X **escribirá** as Cantigas de Santa María na segunda metade do século XIII.

Todos os días **distribuía** as ordes antes de comezar a instrucción.

Non nos **comunicou** que lle **ocorrese** ningún contratempo.

Se comeza a estudar hoxe **preparará** só a metade do exame.

Non **comas** máis torta, que che **vai** facer dano.

Dispuxen os meus trebellos, **saín** **correndo** da casa e **cheguei** canda ela.

Comprometeríase vostede a viaxar a Marrocos comigo?

Na nosa casa **comemos** decote pescada e panchos.

Aínda que **consequises** confiscar os xoguetes bélicos dos rapaces non **amañarías** nada.

Os alumnos **saen** do instituto ás 14:30 h. e **marchan** axiña para casa.

Os homes **poñen** os pés na Lúa o 21 de xullo de 1969.

Non creo que **veña** hoxe nin mañá.

Actuarán gratis toda a semana no club? – **actuarían**.

Sen máis aprazamentos **poñen** esta noite na tele un documental sobre a obxección de conciencia.

Percorrerás todo o camino e **chegarás** á súa casa para darlle estas mensaxes.

Cando te **deas** de conta de que che **molesta** xa **pechou** o can na horta.

Acompañeino onte e **díxome** que me **chamaba** ás cinco.

Una vez **moñamos** o trigo e **chegou** un home oa que **chamaban** Brais que...

Seriades preto de sesenta os que **fostes** de excursión onte.

17.- Clasifica os seguintes adverbios e locucións adverbiais segundo sexan de tempo, lugar, modo, cantidade e precisión, afirmación, negación ou dúbida.

Nada, hogano, gratis, de certo, a miúdo, ao lado, de raro en raro, non xa, atrás, hoxe en día, poida que, sequera, fóra, engorde, apenas, de sobra, en fronte, a tempo, quizá, xustamente, de socato, dabondo, ao mellor, aos poucos, algures, deica un pouco, avante, arestora, ao chou, a correr, así mesmo, axiña, a deshora, de face, só, nin, a medias, abofé, seica, ás présas, derriba, a propósito, tamén, a contramán, velaí, tampouco, de todo, non, algo, xaora, acaso, ao dereito, de máis, ao redor.

18.- Subliña os adverbios e substitúeos por locucións adverbiais de tal xeito que non varíe o significado da oración.

O disco do grupo australiano sae ao mercado pasadomañá.

Posibelmente teñamos que votar a lei no Parlamento.

Púxoselle diante e non o deixaba pasar.

Non marchedes, que veño axiña e falamos diso.

Ti cres que o combustible están a dalo gratis nas gasoleiras.

Bótasme moito e ti sabes que como pouco.

Non me contou que viña túa irmá tamén.

Para faceres ben o exame debes concentrarte.

Chove arreo, paréceme que non saio da casa.

Igual cambio de casa polo Nadal.

As cousas, para teres éxito, hai que facelas paseniño.

Trasantonte sortearon a lotaría do Neno, pero non me tocou nada.

Gañei abondo para comprar a casa dos meus soños.

Non o volverei facer endexamaís.

Teño necesidade de coller decote o coche para me desprazar ao traballo.

Estou contento porque finalmente chegou a carta que esperaba.

Viuno saír rapidamente e non conseguiu falar con el.

Espero que chegue logo porque teño un aviso urxente para ela.

Non foi á voda e encima non lles mandou regalo.

Aínda que dixo que estivera con Xulia en Venecia, non saíu realmente da cidade.

19.- Enche os espazos en branco coas locucións prepositivas que se relacionan ao pé.

Fan unha manifestaciónos despedidos pola nova reconversión pesqueira.

Todas as semanas vai bailar.....facer un pouco de ximnasia.

Estuda galego pola tarde.....preparar a cea para os pais.

No partido sentara.....os senadores estranxeiros.

Vai superando curso a curso.....horas de traballo.

Non vai.....María porque se anoxaron por unha migalla.

O herdo queda.....o concello do defunto.

Podemos negociar todo agás o.....os meus aforros.

O conferenciante.....falar de Cunqueiro, tratou sobre o Pedrayo ensaísta.

.....o que che dixen onte, se queres, contámosllelo todo.

Celebraron un baile de tangos.....o cabodano de Carlos Gardel.

Oíase todo o que dicían.....as paredes daquel edificio.

A meirande parte dos grupos de Cámara votaron.....a nova lei.

.....a compravenda de mobles, teremos que dicir que é un pródigo negocio.

Está sempre na praia.....os veraneantes franceses.

Os dous exércitos manifestáronse.....a retirada dos cadáveres do campo de batalla.

Túa avoa está ben rufa.....ter xa una idade moi avanzada.

Constrúen unha nova casa.....a igrexa, que rompe coa harmonía urbanística do contorno.

Deixou os documentos.....o escano e ao volver xa desaparecerán.

Eles non estarían aquí.....e secretario que os convocou.

LOCUCIÓNS: co gallo de, encol de, no canto de, fóra de, en fronte de, tocante a, por causa de, respecto a, preto de, de par de, a carón de, amais de, a través de, a prol de, contra de, xunto a , pese a, en favor de, de non ser, a forza de.

20.- Distingue nos seguintes enunciados os nexos causáis, consecutivos e concesivos.

Mandou a carta aínda que non tiña moitas esperanzas de éxito.

Avisou que non viña por culpa de que tiña que recoller os cadros.

Pese a que non o vexas claro, debes tomar algunha decisión.

Visto que non o tes claro debes pedirlle a alguén que cho explique.

Non me dixo a verdade, polo tanto non virá.

Non virá por fácil que lle resulte saír da lea.

Como lle é difícil resolver o problema, non virá.

Mesmo que lle sexa fácil resolver o problema, non virá.

Non lle é fácil resolver o problema, así que non virá.

Plantou tanta patacas na horta que lle foi moi laborioso cachalas logo.

Plantaches moitas patacas na horta, logo terás que cachalas.

Por máis que traballou non foi quen de cazar todas as patacas plantadas.

Non puido preparar o exame de lectura pois aínda non comprara os libros necesarios.

Preparou o exame de lectura, malia que non comprara os libros necesarios.

Puido preparar o exame de lectura conque xa comprou os libros necesarios.

Tiñan bochas como puños nas pernas debido a que houbera unha invasión de tabáns.

O equipo visitante metera o gol do empate de modo que os locais se despedían da final.

Por moi ben que amañedes este local sempre teredes humidade nas paredes.

Sería conveniente que mercásedes un deshumidificador posto que isto é un foco de infeccións.

Conseguiu reunir unha boa cantidade de bens a pesar de que o capital inicial non era abondoso.

21.- Repara nas oracións seguintes e individualiza o valor de **que**.

Que sexa azul que sexa verde, a min a saia gústame.

Dixo que lle gustaba a saia en azul e en verde.

Gustáballe máis a saia azul que a verde.

Comprou unha saia en azul, que lle gustaba máis cá verde.

Gustáballe tanto a saia en azul que nin sequera mirou para a verde.

Entre a azul e a verde, con que saia quedas?

Que cores tan bonitas teñen estas saias!

A saia que me gusta de verdade é a azul e non a verde.

Por verde que fose a saia non lle gustaba tanto como a azul.

Agachoulle entre as chambras a saia verde, que escollese a azul.

Cando o viu sabía sen ningunha dúbida que faría o posíbel por vir.

Non puido soportar tanta presión no cargo que presentou a demisión.

Pero, a que hora chegan eses? Ai, eu voume, que non podo agardalos máis.

Viña a que lle ensinase agora os novos patíns.

Recibiron máis regalos de voda e cartos do que en principio pensaron.

O que veña aos exames deberá traer o material necesario.

Non entendín a que viña tanta présa por marcharen.

Perderon o interese por aquela peza e por barata que llela vendesen non a mercarían.

Mira ti que de paxaros lle naceron desta niñada!

A rapaza estaba tan leda que tivo que facer grandes esforzos para disimular o que non quería que se soubese.

